




Volvendo a Pinocho

As aventuras de Pinocho · Carlo Collodi
· Roberto Innocenti (Ilust.) · Kalandraka.
2006 · 192 páx. · 28,50 euros

Desde que en 1883 Collodi escollera os debuxos de Enrico Mazzantini para ilustrar o seu Pinocho, non hai ilustrador que non quixese facer a súa versión desta obra. Era sabido que Roberto Innocenti (Florencia, 1940) non se resistiría.

Fíxose coñecido internacionalmente a partir da publicación de *Rose Blanche* (1985) onde lle mostrou ao mundo a súa mestría no debuxo realista e a súa capacidade para contar historias cunha fonda carga emocional, nese caso ao evocar feitos dolorosos da Segunda Guerra Mundial. A súa tendencia natural e á coautoría, así *Rose Blanche* parte dunha idea propia que literaturiza Christophe Gallaz, e nesta edición do Pinocho tamén atopamos esa mesma pretensión. Para que tal cousa se dea é necesario que a ilustración engada aquilo que o texto escrito non tiña explícito. Neste caso Innocenti lógrao por medio da creación e presentación dos ambientes.

Non se trata dun álbum porque non se dan algunhas das condicións necesarias de tal consideración: o texto ten un peso moi grande na obra e as ilustracións non teñen a continuidade narrativa que o álbum esixe. Así que o que temos é un libro ilustrado.

É unha obra dunha grande envergadura artística. Innocenti, mestre do hiperrealismo na ilustración aplícao aquí tanto ás representacións dos mundos reais coma á dos mundos máis oníricos ou fantásticos. Manexa con mestría tanto o debuxo coma a aplicación da cor, coa que sabe expresar unhas emocións que o texto achega e a ilustración dramatiza.

A utilización de puntos de vista cenitais dá panorámicas moi descritivas dos exteriores ou dos interiores amplos. As deformacións dos contrapicados enfatizan o drama que se representa como sucede no aforcamento de Pinocho. O movemento, que ás veces

Innocenti
manexa con
mestría tanto
o debuxo coma
a aplicación da
cor, coa que sabe
expresar unhas
emocións que
o texto achega
e a ilustración
dramatiza.

en Innocenti non está totalmente conseguido, aquí achégano algunhas figuras sorprendidas no medio dunha pasada, un garda que prende un rapaz, un músico que toca e canta, un xogador de cartas que apaña unha bazada, as solas dos zapatos de dous gardas... e sempre, sempre en Pinocho que é o elemento dinámico que atravesa toda a narración gráfica.

Pero non sempre polo feito da frecuente situación de carreira en que o vemos, senón tamén cando existe unha aparencia de actitude estática aparecen na ilustración unhas liñas cinéticas, visíbeis coma as da auga que lle guindan desde a fiestra, e imaxinarias outras. Mesmo nalgunhas páxinas non moi afortunadas, como a da procura de Pinocho das moedas de ouro, que de non ser pola figura do neno-boneco metido no buraco sería boa para o calendario dunha drogaria.

É unha obra para ler e ollar moi de vagar, para acompañar a lectura dun rapaz, parándose a comentar con el cada unha das fermosas ilustracións que acompañan esta obra abofé clásica.

// Xabier P. DoCampo